

Extracto da convocatoria do Premio do VIII Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2019 do Concello de Lalín

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán participar todas as persoas que así o desexen. Cada persoa poderá enviar un máximo de tres tuits.

Segundo. Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión do premio do VIII Concurso de Tuits contra a violencia de xénero, organizado polo Concello de Lalín, a través da Oficina de Igualdade, coa finalidade de incrementar a concienciación e sensibilidade da sociedade ante esta gran lacra social.


Tuits contra a violencia de xénero. Son mensaxes, lemas ou expresións de repulsa contra a violencia de xénero que se realizan a través da rede social twitter e a súa extensión máxima é de 280 caracteres.

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras do Premio do VIII Concurso de Tuits contra a violencia de xénero 2019 do Concello de Lalín. (BOP nº 196 de 11/10/2019).

Cuarto. Cuantía

O importe total do premio será de 152,81 € con cargo á aplicación orzamentaria 0.2312.78000.01 O premio outorgarase en especie e consistirá nunha Tablet Android 32GB 10.1" e un diploma acreditativo.



Lalínkmzero

Igualdade



Concello de Lalín

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación dos tuits empezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOPPO e rematará o xoves 7 de novembro. As bases estarán a disposición das persoas interesadas na Oficina de Igualdade e na web www.lalin.gal

Lalín, 11 de outubro de 2019. A Concelleira Delegada, Dna. M^a Paz Pérez Asorei.

